



GRUPO MUNICIPAL DE VILABOA

Ornela Fernández Salgado, voceira do Grupo Municipal do BNG de Vilaboa, presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación, se procede, no Pleno do 29/04/09:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Na parroquia de Vilaboa, a pista que baixa desde o lugar de Outeiro-Casanova ata o lugar do Outeiro do Gato presenta un estado lamentable. A súa plataforma necesita asfalto novo porque o que ten está cheo de baches.

Ademais, a pista necesita unha recollida de augas en condicións que evite que continuamente se deteriore o seu firme. Anteriormente contaba con cunetas polas que se podía canalizar a auga procedente da chuvia. Na actualidade estas cunetas están obstruídas pola terra e polo escombros que, coa auga pluvial, baixa pola pista provocando o levantamento do seu firme, e debido a maleza existente nos seus laterais.

Esta pista é utilizada a cotío polos veciños e veciñas do entorno, xa que une a parte de arriba de Vilaboa coa de abaixo e hai un importante número de vivendas e leiras no lugar.

En consecuencia, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro. O Concello de Vilaboa acondicionará a pista de Outeiro do Gato consistente nun novo reasfaltado e na reposición das súas cunetas para unha mellor recollida de augas.

Vilaboa, 25 de abril de 2009

Ornela Fernández Salgado

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VILABOA